


Proxecto Bolboreta ·

Andrea Maceiras ·

Xerais, 2008 ·

120 páx · 10 euros



LOGO DE OBTER ÉXITO en diferentes premios de relato curto, a novísima Andrea Maceiras preséntase para un público máis amplo coa novela *Proxecto Bolboreta*, texto gañador do I Certame de Micronovela de Soutomaior editado por Edicións Xerais. A ficción narra as aventuras dun científico, Hadrián Barcés, que teima en amosar ao mundo que o bater das ás dunha bolboreta nun punto concreto da terra pode provocar unha treboada nun lugar oposto do planeta.

A obra alicérzase nas cuestións da investigación científica, a ecoloxía e a utopía, mesturándoas con lugares comúns nos textos xuvenís, como a sorpresa que ás veces é amor ou a importancia do compañeirismo, namentres alterna dúas voces narrativas ben diferenciadas. Por unha banda, a primeira persoa do diario de Hadrián, que dá conta dos pormenores –certamente exhaustivos e para os que se tenta empregar unha linguaxe –pseudo–científica– do proxecto, centrándose nos cambios que efectúa a ondada de aire que o científico perseguirá por diferentes países, sen esquecer tampouco as dificultades da súa longa viaxe, as desilusións que aparecen nese camiñar ou a compañia que vai gañando –entre a que resalta o personaxe dual de Martina, que comeza sendo unha espía pero que acabará uníndose ao seu soño–. Por outra parte, xustapostas á compoñente máis científica da obra, a autora coloca unha serie de historias de personaxes de diversas procedencias –contadas por un narrador omnisciente– que tentan exemplificar como inflúe o “efecto bolboreta” na vida cotiá e que conseguen outorgarlle un interesante contrapunto –se se quere máis humano e mesmo poético– aos diarios do investigador.

A confluencia destas dúas liñas narrativas fan desta obra un conxunto atractivo que, a pesar de posuír algunha que outra dose de inxenuidade, resalta pola súa actualidade –que se vencella coa liña ecoloxista practicada por Francisco Castro n’*O ceo dos afogados*, de sinxela conexión co lectorado adolescente–, polo seu ritmo acaído –pese a que certas páxinas do dietario se tornan un chisco monótonas– e pola procura dun estilo propio que, polo momento, fica nun ensaio da Maceiras que veremos nos tempos vindeiros. Alén disto, a enxurrada utópica que devén do texto –e que reside na teima por conseguir un fito relevante para a humanidade– percíbese como necesaria nun mundo carente duns valores mínimos globais. Porque *Proxecto bolboreta* tamén lembra ese sentido de comunidade mundial, agora adurmiñado nalgures polos intereses duns poucos. // **M. P. P.**